

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 9 de decembro de 2010 pola que se modifica o artigo 17º do anexo I da Orde do 1 de outubro de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 194, do 7 de outubro), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (código de procedemento IN515B presentación electrónica), modificado pola Orde do 12 de novembro de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 224, do 22 de novembro).

Por Orde do 1 de outubro de 2010 (DOG nº 194, do 7 de outubro) establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, e procédese á súa convocatoria para o ano 2010.

No artigo 17º do anexo I da dita orde establécese que, para cobraren a subvención concedida, os beneficiarios deberán presentar a documentación sinalada no precepto citado na data límite do 30 de novembro de 2010.

Por Orde do 12 de novembro de 2010 modificouse o citado artigo, establecéndose como nova data límite para este fin a do 15 de decembro de 2010.

Atopándose pendente a resolución das ditas axudas, debido ao volume de solicitudes presentadas e ao longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede establecer unha nova data límite, modificando o referido artigo.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34º, da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 17º do anexo I da orde da Consellería de Economía e Industria, do 1 de outubro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (código de procedemento IN515B presentación electrónica), modificado por Orde do 12 de novembro de 2010 (DOG nº 224, do 22 de novembro).

O artigo 17º.1 da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 17º.-*Xustificación da subvención.*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria e ata o 30 de decembro de 2010, do orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

(...)

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Resolución do 9 de decembro de 2010 pola que se dá publicidade aos cambios producidos na Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se establecen os domingos e festivos nos cales se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2011, de acordo co disposto no artigo 6º.2 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

De acordo co disposto no artigo 6º.2 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, dáse publicidade aos cambios producidos na Orde do 6 de outubro de 2010 como consecuencia das resolucións do 9 de decembro de 2010 pola que se modifican os domingos e días festivos hábiles comercialmente para os concellos de Cedeira e Ferrol, logo da correspondente solicitude dos concellos.

-Os domingos e festivos nos cales os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias no concello de Cedeira durante o ano 2011 son:

2 de xaneiro

19 de marzo

13 de xuño

26 de xullo

4 de decembro

8 de decembro

11 de decembro

18 de decembro

-Os domingos e festivos nos cales os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao

público cun horario máximo de 12 horas diarias no concello de Ferrol durante o ano 2011 son:

2 de xaneiro

7 de xaneiro

19 de marzo

3 de xullo

4 de decembro

8 de decembro

11 de decembro

18 de decembro

Para os restantes concellos comprendidos no ámbito de aplicación da dita Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, rexerá o disposto na Orde do 6 de outubro de 2010 (DOG do 15 de outubro).

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 22 de novembro de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 0000017/2010-JR, interposto por Blanca María Fernández Pérez e Juan Carlos Morillo López.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, solicitude de remisión do expediente relativo ao recurso contencioso-administrativo P.O. número 0000017/2010-JR, interposto por Blanca María Fernández Pérez e Juan Carlos Morillo López, contra a desestimación por silencio administrativo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre o ingreso no corpo facultativo superior, escala veterinarios, convocado pola Orde do 29 de decembro de 2004.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 116º.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer

como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 24 de novembro de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 191/2010, interposto por Vanesa Díaz Aguiar.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 191/2010, interposto por Vanesa Díaz Aguiar, contra a Orde do 5 de febreiro de 2010 da Consellería de Facenda pola que se convocan para a elección de destino provisional os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo na agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2010.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Anuncio do 23 de novembro de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, polo que se notifica a resolución ditada no recurso de alzada interposto por Tatiana Chans Besada.

Con data 7 de outubro de 2010 a conselleira de Facenda ditou resolución pola que se estima o recurso de alzada formulado por Tatiana Chans Besada, contra a Resolución do 28 de xuño de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai